

DECRETO XX/2014, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia

O art.2 do Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e manutención, establece que será de aplicación para cada clase de aparellos cando entre en vigor a Instrución Técnica Complementaria (ITC) que corresponda e nos prazos que se establezan en cada unha delas.

Inicialmente, a ITC relativa aos ascensores foi publicada pola Orde ministerial do 19 de decembro de 1985, pola que se aproba a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM-1 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención referente a ascensores electromecánicos. Posteriormente esta orde foi derogada pola Orde ministerial do 23 de setembro de 1987, pola que se modifica a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM-1 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a ascensores electromecánicos. Xa en 2013 esta orde ministerial de 1987 foi derogada polo Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro, polo que se aproba a Instrución Técnica Complementaria AEM-1 “Ascensores” do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

Respecto das disposicións introducidas pola ITC AEM-1 relativas ao mantemento e á inspección regulamentaria de ascensores faise necesario aclarar e definir diferentes aspectos que afectan aos/ás titulares das instalacións, ás empresas conservadoras e aos organismos de control habilitados para a súa inspección, relativos as súas responsabilidades, obrigas e facultades. A maiores dos previstos para as empresas conservadoras e os/as titulares das instalacións, particularmente, no presente decreto establécense requisitos que terán que cumprir os organismos de control nas súas actuacións, co obxecto de unificar os criterios de cualificación dos defectos atopados nos ascensores no desenvolvemento das súas actuacións de inspección e para que as súas inspeccións e o seu resultado sexan coherentes co Decreto 54/2011, do 24 de marzo, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cabe salientar a facultade que se establece para que os/as titulares dos ascensores teñan liberdade de elección para contratar as reparacións ou modificacións dos ascensores, ben á empresa conservadora contratado ou a calquera outra debidamente habilitada.

Dende o punto de vista dos requisitos técnicos dos ascensores, o Real decreto 57/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establecen as prescricións para o incremento da seguridade do parque de ascensores existente, establece que os ascensores postos en servizo con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto; é dicir, o 1 de xullo de 1999, deberán cumprir ademais das condicións técnicas da regulamentación en vigor cando foron autorizados, as que figuran no seu anexo. No punto 10 do citado anexo establécese a necesidade de que na cabina dos ascensores se instale un sistema de comunicación bidireccional que permita unha comunicación permanente cun servizo de intervención rápida en edificios de ocupación diaria temporal (edificios públicos ou de oficinas), estacional ou vivendas de baixa ocupación e outras situacións que determine o órgano competente da comunidade autónoma. Neste decreto determínanse os edificios cuxos ascensores deben ter un sistema de comunicación bidireccional, de xeito análogo a como xa se establecera no derogado Decreto 44/2008, do 28 de febreiro, polo que se regulan os requisitos das empresas conservadoras de ascensores e se desenvolven conceptos relativos ao grao de ocupación das vivendas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta que dous dos obxectivos da Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, son o de prever e limitar os riscos e asegurar a protección contra accidentes e incidentes capaces de lles producir danos ou perdas ás persoas, bens e medio ambiente derivados da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións industriais, configúrase un sistema onde se fai necesario establecer uns requisitos técnicos e criterios de actuación para que os diferentes axentes poidan dar cumprimento delas dun modo seguro e eficaz.

O art.12.5 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, establece que os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal se aprobarán sen prexuízo de que as Comunidade Autónomas, con competencia lexislativa sobre industria, poidan introducir requisitos de ámbito adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O artigo 30.I.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de industria, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1º, 11 e 13 da Constitución.

A disposición derradeira primeira da Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, dispón que a consellaría competente en materia de seguridade industrial procederá á adaptación, revisión e ampliación da normativa que poida verse afectada polas prescricións da referida lei.

Este decreto consta de 14 artigos, cinco (5) disposicións adicionais, dúas (2) disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres (3) disposicións derradeiras.

Por todo o exposto, e por proposta do conselleiro de Economía e Industria, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XX de XXX de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste decreto é o de aclarar e definir diferentes aspectos relativos aos ascensores que afectan a titulares das instalacións, empresas conservadoras e

organismos de control habilitados para a súa inspección co obxectivo de protexer ás persoas e ás cousas de incidentes que puidesen producirse como consecuencia do seu funcionamento e mantemento.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Este decreto é de aplicación a tódolos ascensores e aparellos de elevación asimilados incluídos no ámbito de aplicación da instrución técnica complementaria relativa a ascensores, do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Obrigas dos/das titulares.

1. Respecto do Libro do Ascensor establecido no art.13, o/a titular debe prestar atención ao seu coidado e ás anotacións das visitas correspondentes realizadas pola empresa conservadora e polo organismo de control.

2. Os/As titulares están obrigados á custodia do boletín ou parte de traballo que reflicta os datos fundamentais da actuación realizada que lle entregue a empresa conservadora nos casos nos que sexa preceptivo.

3. Sen prexuízo de comunicar calquera incidencia que puidera ter relevancia no correcto funcionamento do ascensor, en todo caso, os accidentes que causen danos ás persoas ou bens deberán ser postos en coñecemento da empresa conservadora.

4. Sen prexuízo das anteriores, as establecidas no Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo R.D. 2291/1985 e na súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores.

Artigo 4. Obrigas das empresas conservadoras.

1. No caso de ser necesaria unha reparación do ascensor mantido, a empresa conservadora, deberá poñer en coñecemento do/da titular, por escrito, o obxecto da

reparación e os elementos do ascensor que teñan que substituírse, por apreciar que non se atopan as condicións precisas para ofrecer as debidas garantías de bo funcionamento.

2. Comunicar ao/á titular, por escrito, as modificacións e adaptacións que teñan que facerse no ascensor mantido para o cumprimento da normativa que lle sexa aplicable.

3. Notificar ao/á titular do ascensor a data na que corresponde realizar a próxima inspección periódica regulamentaria.

4. Prestar a asistencia e a información, incluída a achega de documentación, que precisen os organismos de control no desenvolvemento das súas actuacións de inspección .

5. Cubrir debidamente a parte do Libro do Ascensor, establecido no art.13, que lles corresponda.

6. Comprobar que cada ascensor mantido conte co Libro do Ascensor. No caso de que non exista procurará se encargará de proporcionar un.

7. Cando tiveran constancia de accidentes nos ascensores que causaran danos ás persoas ou bens, informarán ao órgano territorial da consellería competente en materia de Industria.

8. Prestar toda a información que dende a consellería competente en materia de Industria se solicite sobre as características técnicas e demais datos relativos aos ascensores que manteñan.

Asemade, e de conformidade co disposto na Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, colaborar coas administracións públicas no exercicio das funcións regulamentarias e, en particular, coas tarefas de inspección de industria dos ascensores

que manteñan, podendo ser requiridas para a presenza das persoas e a presentación de informes que sexan necesarios.

9. Comunicar ao órgano territorial competente en materia de Industria, para cada ascensor, as altas e baixas de contratos de conservación ou mantemento.

10. Sen prexuízo das anteriores, as establecidas no Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo R.D. 2291/1985 e na súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores.

Artigo 5. Altas e baixas no RAE.

1. Para a posta en servizo ou fora de servizo, farase comunicación no R.A.E (Registro de Aparellos Elevadores).

Nesta comunicación deberá constar se a baixa é definitiva ou temporal.

2. No caso dun ascensor en baixa temporal, poderase dar de alta o ascensor, conservando o número de R.A.E previamente asignado, facendo previamente a comunicación ao órgano territorial competente en materia de Industria, achegando en todo caso, o contrato de conservación en vigor e acreditando ter en vigor a última inspección regulamentaria realizada por un organismo de control habilitado para o campo regulamentario relativo a ascensores.

3. A empresa conservadora deixará constancia da operación de posta fora de servizo ou, no seu caso, de nova posta en servizo do ascensor, no Libro do Ascensor establecido no art.13.

Artigo 6. Operacións de reparación ou modificación dun ascensor.

1. O/A titular do ascensor poderá optar libremente porque as reparacións ou modificacións sexan levadas a cabo pola empresa conservadora contratada ou por calquera outra regulamentariamente habilitada.

2. A empresa que realice a reparación ou modificación deberá documentar por escrito o alcance dos traballos que se van realizar, debendo poñelo antes do comezo dos traballos á disposición do/da titular do ascensor, da empresa que realiza o mantemento periódico, de ser o caso, e se así fose requirido por esta, da consellería competente en materia de Industria. Neste informe deberá figurar o período en que se realizarán os traballos, sendo a empresa que realiza a reparación, ou modificación, responsable do servizo de mantemento, atención de avisos, rescates e accidentes, durante ese tempo.

Finalizados os traballos, a empresa deberá certificar que todos estes se realizaron conforme a normativa de aplicación do ascensor, facendo constar, de ser o caso, as desviacións respecto dos traballos proxectados inicialmente, sen prexuízo doutra documentación que sexa preceptiva realizar regulamentariamente, segundo os traballos realizados.

3. Logo de ter finalizada a reparación ou a modificación, nos casos en que sexa preceptivo, farase unha comunicación ao órgano territorial da consellería competente en materia de Industria, xunto coa documentación indicada neste artigo e a que sexa necesaria técnica e regulamentariamente.

Artigo 7. Refuxios.

1. A excepcionalidade prevista na instrución técnica complementaria relativa a ascensores do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo R.D. 2291/1985, para os espazos libres ou refuxios que estean no oco de percorrido do ascensor, solicitarase ao órgano territorial competente en materia de Industria, previamente á execución da instalación.

2. Coa solicitude de excepcionalidade achegarase un estudo arquitectónico que xustifique a necesidade de excepción, onde deberá figurar necesariamente a antigüidade da edificación, planos da situación do ascensor dentro do edificio, comparativa entre a

solución que se prevexa desproporcionada e a proposta de excepción e, no seu caso, relación de impedimentos legais.

3. De ser recoñecida a excepcionalidade, o instalador do ascensor deberá xustificar as medidas alternativas á disposición do refuxio ou espazos libres describindo as desviacións respecto das normas harmonizadas aplicables, incluíndoas no expediente técnico que se presente no procedemento administrativo relativo á posta en servizo de ascensores.

Artigo 8. Comunicación bidireccional.

Para os efectos do establecido no número 10 do anexo do Real decreto 57/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establecen as prescricións para o incremento da seguridade do parque de ascensores existente, deberase instalar un sistema de comunicación bidireccional nos ascensores instalados en edificios que cumpran algunha das seguintes condicións:

1. Que se trate de edificios de ocupación diaria temporal, entendendo así aqueles que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

- a) Os ocupados totalmente por algunha das distintas administracións (estatal, autonómica, local ou institucional).
- b) Os destinados na súa totalidade a oficinas, despachos profesionais ou outros centros de traballo.
- c) Os destinados a actividades culturais ou recreativas, como salas de concertos, teatros, cinematógrafos, congresos, exposicións e outros destinos similares.
- d) Os destinados na súa totalidade a hoteis, hostais, pensións, residencias, establecementos sanitarios, centros de ensino ou outros establecementos públicos similares.

2. Que se trate de edificios de ocupación estacional ou de baixa ocupación, tendo tal consideración todos os edificios salvo aqueles en que máis das dúas terceiras partes de

vivendas e locais que o compoñen se encontren habitados de maneira habitual durante todo o ano.

Para os ascensores que non estean incluídos neste punto, o/a titular poderá xustificar dita exclusión mediante unha declaración, que deberá presentar ao organismo de control que realice a inspección regulamentaria e á empresa conservadora do ascensor, na que se manifeste que o grao de ocupación dos locais e vivendas do edificio supera o límite establecido no parágrafo precedente. No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios/as, presentárase copia da acta da xunta da comunidade de propietarios/as, na que por acordo desta se manifeste que o grao de ocupación dos locais e vivendas do edificio supera o límite establecido no dito parágrafo parágrafo. No caso de producirse calquera cambio no grao de ocupación, a persoa titular ou a xunta da comunidade de propietarios/as deberá comunicar os acordos sobre a nova situación.

Para realizar o cálculo do grao de ocupación non se deberán considerar como locais habitados de maneira habitual as oficinas, consultas médicas ou despachos profesionais ou locais de análoga concorrencia.

3. Que teñan cinco (5) niveis ou menos servidos polo ascensor ou que, aínda tendo mais de cinco niveis servidos, o ascensor dea servizo a menos de 10 vivendas habitadas de maneira habitual.

4. Non se considerarán incluídos nalgún dos números anteriores aqueles ascensores en que se acredite que se dispón de persoal de atención permanente ás persoas usuarias en quendas sucesivas e ininterrompidas durante as 24 horas do día, cun lugar fixo de control e dotado de comunicación interna entre o dito posto de control e o ascensor.

O persoal do posto de control, unha vez recibida unha comunicación da persoa usuaria do ascensor que indique que quedou encerrado neste, porao de inmediato en coñecemento da empresa conservadora.

Artigo 9. Obrigas dos organismos de control.

1. Colocar e cubrir debidamente as etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria establecidas no art.11.
2. Cubrir debidamente a parte do Libro do Ascensor, establecido no art.13, que lles corresponda.
3. No caso de ausencia do libro do ascensor, farase constar este feito no informe, acta, protocolo ou certificado, segundo proceda, emitido polo organismo de control.
4. Sen prexuízo das anteriores, as establecidas no Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo R.D. 2291/1985, e na súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores.

Artigo 10. Inspección.

1. Os organismos de control emitirán das actuacións de inspección realizadas o correspondente informe, acta, protocolo ou certificado, segundo proceda, no que cualificará a instalación como favorable, condicionada ou negativa, de conformidade co establecido no Decreto 54/2011, do 24 de marzo, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Sen prexuízo de atopar outros defectos, no caso de existiren defectos leves que sexan reiteración dos atopados na inspección anterior, implicará a cualificación da instalación como condicionada outorgando o mesmo prazo máximo para a súa corrección que o establecido para a corrección dos defectos graves na Instrución Técnica Complementaria AEM-1 “Ascensores” (ITC-AEM 1), aprobado polo Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro.
3. A concordancia entre a cualificación das instalacións establecida no Decreto 54/2011 e a establecida na ITC-AEM 1, sen prexuízo de atopar outros defectos, é a seguinte:

CADRO DE CONCORDANCIA DE CUALIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS	
Decreto 54/2011	ITC-AEM 1
Favorable	Favorable sen defectos
	Favorable con defecto/s leve/s
Condicionada	Favorable con reiteración de defecto/s leve/s
	Desfavorable con defecto/s grave/s
Negativa	Desfavorable con defecto moi grave

4. Dende o punto de vista administrativo, as instalacións que non teñan a inspección regulamentaria realizada, estando na situación preceptiva para elo, terán cualificación negativa. Neste caso, antes de tomar as medidas correspondentes para unha instalación coa cualificación negativa, o órgano territorial competente en materia de Industria dará un prazo de 30 días naturais ao/á titular para que acredite a inspección regulamentaria da instalación efectuada por un organismo de control.

5. O organismo de control comunicará á empresa conservadora a data prevista de inspección cunha antelación de 15 días hábiles.

6. O prazo máximo para a visita de comprobación de corrección dos defectos atopados será o día seguinte laborable á data na que remata dito prazo.

Na visita de comprobación, se a empresa conservadora non prestara a súa asistencia, o organismo de control deixará constancia do feito no informe, acta, protocolo ou certificación que resulten da actuación inspectora e, para os efectos do establecido no Decreto 54/2011 no relativo ao resultado das actividades de control dos organismos de control, cualificará a instalación como negativa.

7. No caso de atopar un defecto moi grave o organismo de control deberá instar, inmediatamente, á empresa conservadora para que deixe fora de servizo o ascensor mediante a notificación de posta fora de servizo do ascensor establecida no art.12.

8. Para os efectos da exclusividade de actuación prevista no Decreto 54/2011, do 24 de marzo, e tendo en conta o disposto na ITC-AEM 1, no caso de cualificación da instalación como negativa pola cualificación dun defecto como moi grave por non se ter corrixido aquel que fora cualificado como grave, o informe, acta, protocolo ou certificado emitido non determinará a finalización da actuación inspectora do organismo de control.

9. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, a inspección regulamentaria realizarase de conformidade coa norma UNE 192.008, requisitos previos á inspección, realización da inspección, cualificación de defectos e prazos de corrección, e polo Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro e na súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores.

Artigo 11. Etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria.

1. O obxecto das etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria é o de permitir coñecer o estado da última inspección regulamentaria realizada por un organismo de control.

2. A etiqueta usará código de cores que se corresponderá coa cualificación da instalación, do seguinte xeito: cor verde para cualificación favorable, cor laranxa para cualificación condicionada e cor vermella para a cualificación negativa.

3. Todo ascensor en funcionamento debe ter nun lugar visible do interior da súa cabina e da sala de máquinas a correspondente etiqueta adhesiva de inspección regulamentaria.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a etiqueta que identifique unha inspección periódica negativa, colocarse ademais na parte exterior da cabina nos niveis que sirvan, como mínimo, ao andar onde estea o portal do edificio ou no de maior concurrencia dende o que se accede ao ascensor e nos que se acceda aos sotos e garaxes.

Artigo 12. Notificación de posta fora de servizo do ascensor.

A notificación da posta fora de servizo dun ascensor será o documento mediante o cal un organismo de control comunica, ao/á titular e á empresa conservadora, a necesidade de deixar fora de servizo un ascensor.

Artigo 13. Libro do ascensor.

1. Os ascensores deberán dispor dun libro no que se deixe constancia das características da instalación e das visitas de mantemento, e inspección, realizadas polas empresas conservadoras e organismos de control respectivamente.

Este libro non substituirá o rexistro de mantemento que a empresa conservadora está obrigada a ter de conformidade co Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro e ca súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores.

2. O libro do ascensor pertence ao/á titular e será accesible para o/a propio/a titular, a empresa conservadora do ascensor, o organismo de control que realice a inspección regulamentaria e para a Administración.

3. A validez do libro do ascensor formalizarase co seu conformado polo órgano territorial da consellería competente en materia de Industria, que consistirá en facer constar na páxina de características da instalación o selo identificador do órgano ou unidade e a data do conformado. Con carácter previo á conformación, comprobarase que a páxina de características da instalación debe estar debidamente cuberta.

4. Os órganos territoriais da consellería competente en materia de Industria terán a disposición libros do ascensor.

Artigo 14. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do establecido neste decreto será sancionado consonte a Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia e a Lei [Estado] 21/1992, do 16 de xullo, de Industria.

Disposición adicional primeira. *Etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria.*

A dirección xeral competente en materia de Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia* o contido e formato das etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria reguladas no art.11.

Disposición adicional segunda. *Notificación de posta fora de servizo do ascensor.*

A dirección xeral competente en materia de Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia* o contido e formato da notificación de posta fora de servizo do ascensor regulada no art.12.

Disposición adicional terceira. *Libro do Ascensor.*

A dirección xeral competente en materia de Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia* o contido e formato do Libro do Ascensor de posta fora de servizo do ascensor regulada no art.13.

Disposición adicional cuarta. *Uso dos formularios normalizados habilitados.*

Os/As titulares, empresas conservadoras e organismos de control usarán os formularios normalizados que se habiliten para realizar os procedementos e cumprir coas obrigas establecidas no presente decreto, no Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e na súa instrución técnica complementaria relativa a ascensores, e demais disposicións legais e administrativas que sexan de aplicación ao campo regulamentario dos ascensores.

Disposición adicional quinta. *Habilitación dos procedementos administrativos.*

Para a habilitación dos procedementos aos que se refire a disposición adicional cuarta, a dirección xeral competente en materia de Industria aprobará o contido e formato dos formularios normalizados e publicará no Diario Oficial de Galicia a relación dos procedementos que se habiliten.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Disposición transitoria primeira. *Libros de Visitas existentes.*

Nos ascensores que teñan o denominado “Libro de Visitas”, ou libro equivalente, no que se reflectiran as operacións de mantemento e/ou inspección, a empresa conservadora substituirá o dito libro polo regulado no art.13.

Terase de prazo ata o 31 de decembro de 2015 para que tódolos ascensores en funcionamento teñan o libro do ascensor regulado neste decreto.

Disposición transitoria segunda. *Etiquetas adhesivas de inspección regulamentaria.*

A partir da entrada en vigor do presente decreto, os organismos de control colocarán as etiquetas adhesivas reguladas no art.11 na próxima inspección regulamentaria que corresponda.

Non obstante o anterior, o 31 de decembro de 2020 tódolos ascensores en funcionamento da comunidade Autónoma de Galicia deberán ter colocada a etiqueta adhesiva de inspección regulamentaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto e, expresamente:

- a) Orde do 18 de xaneiro de 1995 pola que se aproba o modelo de certificado, para os efectos da posta en marcha, dos aparellos elevadores a que fai referencia a instrución técnica MIE AEM 1 do Regulamento de aparellos de elevación e a súa manutención.
- b) Resolución do 31 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se indican os requisitos mínimos que deben cumprir as empresas conservadoras de ascensores.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento desta orde.*

Facúltase á persoa titular da consellería con competencias en materia de Industria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de execución desta orde.*

Facúltase á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Industria para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a execución deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, XX de XXXX de 2014

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Francisco José Conde López

Conselleiro de Economía e Industria